



Concerto Sacro 2011

Coro Clásico de Vigo

Director: Joaquín Carvajal

Lugares e datas

14 abril (jueves).- Iglesia Parroquial de “La Soledad” O Castro- (19.45 h.)

15 abril (Viernes).- Colegiata de Vigo .- (20.30 h.)

16 abril (Sábado).- Igl. “S. Martín de Sobrán” – Vilaxoán- (20 h.)

19 abril (Martes).- Igl. de María Auxiliadora – Vigo – (20.30 h.)

20 abril (Miércoles).- Igl. de los PP. Carmelitas –Vigo- (20.30 h.)

PROGRAMA

I.- FIGURAS Y ESCENAS DE LA PASION

- 1) Pueri hebraeorum (Vitoria)
- 2) Unus ex discipulis (id.)
- 3) Tantum ergo Sacramentum (J. Ign. Prieto)
- 4) In monte oliveti (id.)
- 5) Sicut ovis (id.)
- 6) Velum templi scissum est (N. Otaño SJ.)
- 7) Eli, Eli (L. Bardos)
- 8) Ave Maria (Javier Busto)

II.- GABRIEL FAURE .- REQUIEM.- OP. 48

(ORGANISTA: Fernando Sequeiros)

- 1) Introito – Kyrie (molto largo)
- 2) Offertorium (Adagio molto)
- 3) Sanctus (Andante moderato)
- 4) Pie Jesu (Adagio). Solista: Aida Domínguez
- 5) Agnus Dei (Andante)
- 6) Libera me, Domine (Moderato) Solista: Ramón López
- 7) In Paradisum (Andante moderato)

Notas ao Programa

Na 1ª parte van aparecendo como nun Retablo barroco Figuras e Escenas da Paixón.

Pueri hebraeorum.- Os nenos hebreos saen ao encontro de Xesús montado no seu burriño, botan ao chan os seus vestidos e prorrompen en cantos de encomio “Hosanna Filio David, benedictus qui venit in nomee Domini” (“Gloria ao fillo de David, bendito o que vén no nome do Señor”). Ninguén como Vitoria soubo plasmar en sons o movemento e colorido desta escena.

Unus ex discipulis tradet me hodie (“Un dos meus discípulos traizoarame hoxe”). Cristo quéixase da traizón de Xudas, denuncia esta traizón durante a Cea Pascual e profire unha terrible ameaza : “Melius illi erat si natus non fuisset” (“ Máis lle valesse non nacer..”)

Tantum ergo Sacramentum.- Recórdase neste soado himno medieval a institución da Eucaristía durante a Cea Pascual do Xoves Santo. O Coro Clásico estrea esta deliciosa obra do P. J. Ign. Prieto (1900 - 1980), excelente compositor e Director da soada Schola Cantorum de Comllas (Santander) forxadora de grandes músicos e directores de Coros de toda España. A obra para voces graves, adaptada para voces mixtas e que se estrea hoxe en Galicia, pertence á 1ª etapa do compositor.

In monte oliveti - Sicut ovis.- Nestes soados motetes pertencentes á súa segunda etapa compositiva, o P. Prieto mostra xa a súa orixinalidade inconfundible. No 1º descríbese con gran emoción a escena do Horto das Oliveiras e no 2º a aceptación de Xesús a ser inmolado como un cordeiro inocente.

Velum templi scissum est .- O P. Otaño, fundador en 1910 da Schola Cantorum de Comillas e compositor de música sacra de enorme importancia na 1ª metade do S. XX, descríbenos en estilo recitativo os fenómenos devastadores producidos durante a morte de Xesús no Gólgota. Resgouse o veo do templo, tremeu a terra, abríronse os sepulcros e no medio desta convulsión, a sinxela pregaría do bo ladrón na cruz: “Memento mei, Domine, dum veneris in regnum tuum” (“Acórdache de min, Señor, cando esteas no teu Reino..”)

Eli , Eli, lamma sabacthani (“Señor, por que me abandonaches”). Entre as últimas palabras de Cristo na cruz, está a súa sentida queixa polo terrible abandono que sente e que o compositor húngaro do S. XX G. Bàrdos describe con enorme “expresionismo”.

Ave María.- Como contraste remátase esta 1ª parte co delicioso encanto da xa universal “Ave María” de Javier Busto, outro gran músico contemporáneo dentro do mundo da música Coral. Con iso quérese destacar a importancia da figura de María no escenario do Calvario.

Na 2ª parte preséntase o **Requiem** de Gabriel Fauré (1845 - 1924), composto en 1888. Esta soada peza do compositor francés é unha serena e mística consolación e non unha visión dramática, como ocorre nos *Requiem* de Berlioz ou Verdi. Cheo de profunda relixiosidade e lirismo, adquire ás veces un gran alento expresivo. Este contraste entre momentos dun lirismo íntimo e outros de gran forza emotiva confire á obra un gran encanto e interese.

Coro Clásico de Vigo

Foi presentado en decembro de 1978. Á fronte está o seu fundador Joaquín Carvajal. O Coro nace como un grupo de Cámara interesado especialmente na Polifonía renacentista do s. XVI (Cancioneros de Palacio e Upsala, Guerreiro, Vitoria, etc.), pero sen refugar ningún outro xénero ou estilo musical, incluído o s. XX e o folklore de Galicia.

Participou con notable éxito no Certamen Internacional de Tolosa e obtivo premios en Avilés, Marín, rexional de Citroen, TV. Galega, etc.

Son tamén constantes as súas participacións en encontros corais doutras comunidades (País Vasco, Andalucía, Madrid, etc) así como tamén en Portugal (Viana, Braga, Evora, Montemor ou Novo, Tomar, etc).

Colaborou en varias ocasións coa Orquestra Clásica de Vigo e coa Xoven Orquestra de Galicia interpretando o *Gloria* de Vivaldi, a *Misa do Apóstolo Santiago* de Xoan Montes e estreou en Galicia o *Beatus Vir* de Zippoli. Foi importante tamén a súa interpretación do *Requiem* de G. Fauré.

O seu repertorio, moi amplo e variado, abarca máis de 300 pezas de todas as épocas e estilos, polo xeral pouco interpretadas na súa contorna, ás que sabe comunicar unha sensibilidade especial, moi do agrado do auditorio que acode aos seus concertos.



Patrocinan



Deputación
Pontevedra

